

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA OS ANOS 2022-2023, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, FUNDACIÓN MENIÑOS E A ASOCIACIÓN ARELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR” NAS COMARCAS DO BARBANZA E O SALNÉS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.**

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

**REUNIDOS**

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra,

Por unha banda, Mónica Permuy López, con DNI. 32.647.387-Z, directora xeral da Fundación Meniños con NIF G15551120 e domicilio social na Avda. De Cádiz, 5, 2º Esq. CP 15008 de A Coruña, actuando en calidade de representante da entidade, en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario da Coruña D. Víctor Peón Rama, de data 23 de decembro de 2019, número de protocolo 2469, de conformidade co disposto nos artigos 19 e 20 dos seus estatutos.

Pola outra, Julio Barreiro González, con DNI. 73241680C, director xeral da Asociación Arela con NIF G36846152 e domicilio social en C/ Ernesto Lecuona, 11, baixo – Vigo (Pontevedra), actuando en calidade de representade da entidade, en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario D. Pablo Rueda Rodríguez-Vila, de data 19 de xuño de 2020, número de protocolo 1.178, de conformidade co disposto no artigo 26 dos seus estatutos.

As partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Segundo.-** A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.-** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**Cuarto.-** A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1.b) do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.



**Quinto.-** Este convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), segundo o Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

**Sexto.-** O convenio está amparado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encaixa na liña de inversión I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social”, segundo o anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). O citado proxecto nº 7 ten, entre outros obxectivos, a posta en marcha dun modelo de traballo de “centro de día itinerante” no que o persoal educador desprázase a realizar intervencións con familias en concellos nos que non existe un recurso específico de atención de día, coa colaboración permanente dos servizos sociais comunitarios. Mediante esta actuación, e coa dotación do persoal técnico necesario, preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e a compatibilice co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

**Sétimo.-** A Fundación Meniños é unha entidade de natureza fundacional inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal baixo o número SND239, exercendo o Ministerio de Cultura e Deporte o Protectorado sobre ela.

Nos estatutos da fundación, modificados en virtude de acordo do Padroado, de data 18 de decembro de 2020, e elevados a público en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. Víctor José Peón Rama, consta no seu artigo 5 que o obxecto desta



Fundación é a protección da infancia de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os nenos, nenas e adolescentes máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

Así mesmo, a Fundación Meniños é unha entidade sen ánimo de lucro recoñecida e inscrita co número E1547 no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con nenos, nenas e adolescentes. Traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto. A dita entidade ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove os seus dereitos a medrar nunha contorna familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral, actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato á infancia e a adolescencia.

Por outra banda, a Asociación Arela, entidade de natureza asociativa constituída en virtude de acordo da asemblea constitutiva celebrada en Vigo o 20 de setembro de 1998 e incrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 1998/127, é unha entidade se ánimo de lucro recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E4168.

Dentro dos seus obxectivos contempla a realización de programas, recursos, actividades, a prestación e xestión de servizos relacionados coa protección á infancia, á familia e a xuventude. Ten como misión o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

A Asociación Arela xestiona, entre outros, Centros de Atención de Día Integral, Casas de Familia, Centros de intervención educativa no medio aberto e xestora do programa CaixaProinfancia coordinando redes locais e a Rede Territorial de Galicia, Cantabria e Asturias.

O programa “Espazo de preservación familiar” consiste na pilotaxe dun servizo de intervención para nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve e as súas familias, co obxectivo de evitar situacións de desprotección grave que deriven na entrada destes nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección.

O programa abarca todos os factores de risco presentes no contexto familiar (situacións de violencia intrafamiliar, violencia filio-parental, separacións de alta conflictividade, contextos





familiares monoparentais e calquera outra situación que fragilice o sistema familiar).

Este programa ofrece unha intervención familiar integral (psico-socio-educativa) flexible, adaptada a cada sistema familiar, cunha visión sistémica que entende o conflito como oportunidade, actúa sobre o potencial de cambio das persoas e os sistemas, incide na dimensión social e relacional do ser humano e atende aos estados mentais e necesidades emocionais das persoas.

A pilotaxe do servizo realizaríase nas comarcas do Salnés e O Barbanza. A intervención acompañarase dunha avaliación de resultados e de procesos que permita xerar evidencias sobre os resultados do servizo e recomendacións para a súa implantación nas comarcas de pilotaxe e outros territorios unha vez finalizado.

As entidades Fundación Meniños e Asociación Arela son cotitulares do dito programa. Estas entidades asumen os compromisos económicos que se deriven da execución do programa ao 50 % de responsabilidade, así como con carácter solidario as responsabilidades que se deriven dos incumprimentos na dita execución.

A Fundación Meniños achegará ao programa a súa experiencia e acreditación no traballo de intervención familiar especializada e intervención terapéutica con familias vulnerables. Mentres que a Asociación Arela achegará ao programa a súa experiencia e acreditación no traballo socio educativo e orientación con nenos, nenas e adolescentes.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que a Fundación Meniños e a Asociación Arela son idóneas pola súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

Ambas entidades teñen obxectivos comúns e/ou complementarios nas áreas de intervención coas nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección leve e están convencidas do interese de unir e coordinar esforzos e recursos para a súa consecución.

**Oitavo.-** A preservación familiar é unha medida de protección que está dirixida a cubrir as necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes e mellorar a súa contorna familiar, educativa, hixiénico sanitaria, nunhas condicións que permitan o seu desenvolvemento integral, mantendo ao menor na súa propia familia. Comprende todas aquelas accións que se han de levar a cabo para manter aos nenos, nenas e adolescentes no fogar cando os responsables do seu coidado, atención e educación, por diversas circunstancias, fan abandono das súas funcións parentais ou fan un uso inadecuado delas, comprometendo ou prexudicando o desenvolvemento persoal e social do neno, pero sen alcanzar a gravidade que xustifique unha medida de separación do menor da súa familia. Iso implica abrir un espazo de prevención e de segunda oportunidade para que as familias, con apoios adecuados, poidan seguir cumprindo





coas súas funcións e asumindo as súas responsabilidades no coidado dos nenos, nenas e adolescentes.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela son dúas entidades especializadas que traballan desde hai máis de 20 anos na protección da infancia e a adolescencia en Galicia. Contan cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos. Contan co apoio e a colaboración dos equipos de Servizos Sociais comunitarios de Boiro, Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Vilagarcía.

**Noveno.-** A Fundación Meniños xunto coa Asociación Arela, son cotitulares do programa “Espazos de preservación familiar” nas comarcas do Barbanza e o Salnés. As dúas organizacións comprométese a impulsar o adecuado funcionamento do programa descrito, colaborando entre si tanto na planificación do servizo como na execución do mesmo. A Fundación Meniños e a Asociación Arela como cotitulares do programa, están en igualdade de condicións na coordinación deste.

**Décimo.-** Este convenio exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

**Décimo primeiro.-** A Consellería de Política Social considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar a execución de proxectos como o que se describe, a través do cal a Fundación Meniños e a Asociación Arela aportan un punto de vista único para desenvolver a actividade do proxecto, debido a que enfocan o seu traballo na consecución do benestar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve, co obxectivo de evitar situacións de desprotección grave que deriven na súa entrada no sistema de protección.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a nenos, nenas e adolescentes.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A lei 3/2011 de apoio á familia e a convivencia de Galicia establece como principio reitor o recoñecemento, respecto, apoio e protección á familia como medio de transmisión da vida, de solidariedade, de educación e de valores fundamentais e como ámbito privilexiado para o



desenvolvemento persoal e o equilibrio emocional e afectivo.

O programa de preservación familiar xorde da constatación no traballo cotián de dúas entidades especializadas, Fundación Meniños e Asociación Arela, de que o incremento nos últimos anos do número de nenos, nenas e adolescentes atendidos polos servizos sociais de atención primaria non consegue revertir as situacións de desprotección e evitar finalmente a ruptura familiar e o seu ingreso no sistema de protección.

A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, a través do cal a Fundación Meniños e a Asociación Arela aportan un punto de vista único para o desenvolvemento do programa implantando este servizo en cotitularidade. Ámbalas dúas son entidades galegas con máis de 20 anos de experiencia na xestión de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

A execución material do programa que se describe no Anexo II deste convenio materialízase anualmente en cada un dos anos de execución.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ás entidades Fundación Meniños e Asociación Arela, para o desenvolvemento do seu programa conxunto "Espazo de preservación familiar" mediante o cal se lles facilita aos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve e ás súas familias apoio terapéutico e educativo coa finalidade de evitar situacións de desprotección grave que deriven na súa entrada no sistema de protección, evitando a separación do neno/a da súa familia.

O financiamento da Consellería de Política Social ao dito programa realizarase a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia procedentes de fondos europeos segundo convenio asinado ao efecto entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 o 20/08/2021.

### SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

O desenvolvemento do programa realizarase nas comarcas do Salnés e do Barbanza. Prevese



que as persoas beneficiarias ascendan a 100 familias (50 en cada comarca) e 160 nenos, nenas e adolescentes (80 en cada comarca) entre 0 e 18 anos en situación de risco e/ou desprotección leve e moderada.

### TERCEIRA.- OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo xeral do programa “espazo de preservación familiar” é desenvolver un servizo de atención a infancia e a adolescencia e apoio socioeducativo, e terapéutico preventivo de situacións de desprotección leve de nenos, nenas e adolescentes e as súas familias, que consiga evitar a súa entrada no sistema de protección á infancia. O programa desenvolverase nas comarcas do Salnés e o Barbanza. O programa parte da premisa de que gran parte das familias en situación de risco (contornas familiares con alto nivel de conflito, violencia intrafamiliar, violencia filio-parental ou situacións de risco de exclusión), poden cun adecuado apoio, chegar a solucionar as súas dificultades e crear un contexto de seguridade e afecto para os seus fillos e fillas.

O programa de preservación familiar persegue os seguintes obxectivos:

- Lograr o mantemento da unidade familiar
- Finalizar a situación de desprotección
- Reparar as secuelas provocadas pola desprotección
- Incrementar a competencia familiar
- Mellorar a integración e a relación da familia co contexto comunitario onde se insire
- Aumentar a funcionalidade do sistema familiar para o futuro
- Promover ás propias familias e aos seus membros
- Potenciar a vinculación afectiva
- Atender ás necesidades específicas dos nenos, nenas e adolescentes
- Garantir a satisfacción das necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes no entorno familiar
- Dotar aos nenos, nenas e adolescentes de recursos persoais
- Protexer e promover o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes

### CUARTA.- EIXOS DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA

A Fundación Meniños e a Asociación Arela comprométense na realización dos seguintes eixos de actuación:



- Intervención psicosocial
- Orientación vocacional para a inserción social el laboral
- Asesoramento para a promoción de hábitos de vida saudables
- Educación familiar
- Intervención terapéutica
- Asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios na atención aos nenos, nenas e adolescentes e ás súas familias

Por outra banda, a Fundación Meniños e a Asociación Arela tamén se comprometen a realización das seguintes fases e fitos para este programa:

Trimestre 1: Procura e acondicionamento de locais. Selección e contratación de equipo profesional. Deseño de procedementos e ferramentas de intervención. Difusión do servizo a axentes relevantes e derivantes. Deseño da avaliación do servizo.

Trimestre 2: Finalización de acondicionamento de locais e posta ao dispor do servizo. Apertura do servizo mediante recepción de derivacións. Valoración de casos e alta de primeiros casos no servizo. Inicio da intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Inicio do traballo de campo de avaliación.

Trimestre 3: Recepción de derivacións. Valoración de casos e altas ata cubrir o número de prazas. Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación.

Trimestres 4 e 5: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación. Se se desen baixas terapéuticas ou outras no servizo, novas altas en lista de espera ou por recepción de derivacións.

Trimestre 6: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación. Elaboración de informe intermedio de avaliación.

Trimestre 7: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Finalización de traballo de campo da avaliación. Informe intermedio de avaliación.

Trimestre 8: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Elaboración e presentación de informe final de avaliación.





## QUINTA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN MENIÑOS E DA ASOCIACIÓN ARELA

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas das entidades beneficiarias:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidades beneficiarias estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle á Consellería de Política social a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás dúas entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a



partir do pago do saldo.

- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- j) Asemade a Fundación Meniños e a Asociación Arela deberán cumprir a obriga de subministrar á Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento polas entidades das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte da Fundación Meniños e a Asociación Arela das obrigas previstas para cada unha das entidades segundo o programa (anexo II), así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- l) Elaborar e publicar unha memoria anual das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización de cada anualidade de execución do convenio, e en todo caso no mes de xaneiro do ano seguinte de execución, que debe incluír os seguintes apartados:
  - 1. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de xustificación, segundo a cláusula oitava do convenio, o 20 de decembro de cada anualidade.
  - 2. Actividades realizadas.
  - 3. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
  - 4. Valoración global.
  - 5. Accións de innovación e investigación.
- m) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos indicados no Anexo III.
- n) Presentar a declaración responsable relativa ao compromiso do cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e





Resiliencia (PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.

- o) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241.
- p) A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE).
- q) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- r) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### **SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Para o desenvolvemento do programa a Fundación Meniños e a Asociación Arela disporán de persoal especializado nesta área de actuación, con dedicación exclusiva, segundo a cláusula 6 do programa.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela, porán, así mesmo, á disposición do programa o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario integrado por profesionais da educación, profesionais técnicos (avogacía, sanidade, etc.) e persoal para tarefas complementarias (transporte e outros).

Os equipos profesionais que a Fundación Meniños e a Asociación Arela poñan a disposición deste programa en ningún caso poderán actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser as citadas entidades as que impartan as oportunas ordes aos seus traballadores e as que ostenten respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos; obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de entidades empregadoras.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.



A previsión da dedicación das persoas do equipo está prevista a xornada completa, a excepción das tituladas en maxisterio educación primaria e máster en formación de profesorado secundaria, que terán unha dedicación de ½ xornada, unha das persoas tituladas en educación social que estará a 30 horas semanais e a persoa responsable de coordinación que será unha única persoa para os dous Espazos.

### SÉTIMA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social financiará o custo derivado da execución do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de 1.350.000,00 € con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 20/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.01. na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade	2022	2023
Importe	675.000,00 €	675.000,00 €

Atendendo á natureza estrutural da actividade a subvencionar e á tipoloxía dos gastos que se pretenden financiar, a continuidade do programa unha vez concluído o presente convenio e o seu financiamento no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, dependerán da existencia de novos fondos na Xunta de Galicia que permitan atender a contiuinidade do mesmo.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para as entidades conveniantes.

Ditas cantidades destinaranse a soportar os gasto que aparecen desagregados no anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O pago realizarase en aplicación dos artigos 26.4 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cada unha das entidades ao 50% do seguinte xeito:



- a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 540.000,00 € para cada anualidade (80% da cantidade anual subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:
- 1º. A cantidade de 147.600,00 € (80 % dos 18.000 primeiros euros máis o 10 % dos 1.332.000,00 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.
  - A este respecto, ámbalas dúas entidades quedan exoneradas de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse de dúas entidades coas características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.
  - 2º. Ata 392.400,00 € pagaránse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio para a anualidade 2022.
  - 3º. Ata 540.000,00 € pagaránse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio para a anualidade 2023.
- b) Os 135.000,00 € restantes (20% da cantidade anual subvencionada) pagaránse na correspondente anualidade unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada, no ano correspondente.

#### OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A Fundación Meniños e a Asociación Arela deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirille para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse ano a ano segundo os orzamentos especificados para cada anualidade, de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. As entidades Fundación Meniños e Asociación Arela deben presentar xustificacións en conxunto, nas que detallen con claridade as actividades financiadas do programa por cada unha das entidades para proceder ao pagamento. No conxunto do ano cada unha pode obter o 50 % da contía establecida para cada anualidade.

A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:
  - a. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de xustificación, segundo a cláusula oitava do convenio, o 20 de decembro de cada anualidade.
  - b. Actividades realizadas.
  - c. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
  - d. Valoración global.
  - e. Accións de innovación e investigación.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
  - a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
  - b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
  - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
  - d. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,



deban solicitar as entidades beneficiarias.

3. En canto aos custos salariais, a Fundación Meniños e a Asociación Arela deberán presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
  - Recibos de salarios
  - Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes aos meses imputados
  - Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago. Estes xustificantes non serán esixibles para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de cada un dos anos de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Fundación Meniños e Asociación Arela. Nestes casos será suficiente coa presentación do resto da documentación requirida. Tampouco serán esixibles, no momento da xustificación os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de cada ano.

As entidades Fundación Meniños e Asociación Arela, comprométense á presentación da documentación dos documentos TC2 e TC1 para o mes de decembro así como os impresos de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre e dos respectivos xustificantes de pago que non se poidan presentar no momento da xustificación final, unha vez obren no seu poder.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada un dos anos 2022, 2023 de execución do programa, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social con data límite 20 de decembro de cada un dos anos de execución do programa subvencionado polo convenio.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico/a, cando este/a dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.



Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
  - No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).
4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Fundación Meniños e a Asociación Arela, en cuxo caso deberán aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:
- a. NIF de cada entidade.
  - b. DNI ou NIE da persoa que represente a cada unha.
  - c. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria.
  - d. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
  - e. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Fundación Meniños e a Asociación Arela a presentación dos documentos correspondentes.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentarán unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente ata o 31 de decembro de cada un dos dous anos de execución, a Fundación Meniños e a Asociación Arela terán como prazo límite o 29 de xaneiro de 2024 para remitir á





Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha memoria final conxunta de actuación dos dous exercicios, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de persoas atendidas (nenos, nenas e adolescentes e familias atendidas), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

#### **NOVENA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES**

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>), nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo.

#### **DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe total non poderá ser superior ao importe do programa.

Queda prohibida a dobre financiación (artigo 188 do Regulamento Financeiro). As reformas e os proxectos de inversión financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento MRR).

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na



súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Política Social, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela, tratarán os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste programa, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. A Fundación Meniños e a Asociación Arela serán cesionarias da información que lle subministre a Consellería e serán responsables do tratamento da información. Os datos persoais aos que teñan acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequer para a súa conservación.

## DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, proposta de modificación e resolución ou efectos que poidan xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social, un deles será o titular da Subdirección Xeral de Política Social que actuará como presidente/a da comisión e o outro, así como os respectivos suplentes, serán designados pola conselleira.



- Un representante da Fundación Meniños e, no seu caso, o respectivo suplente, designado pola súa presidencia.
- Un representante da Asociación Arela e, no seu caso, o respectivo suplente, designado pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e, no seu caso o seu respectivo suplente designados pola persoa titular da Consellería a proposta da Dirección Xeral.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio no marco da concesión da subvención pública. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste programa que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2022.

#### **DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a



resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir á Fundación Meniños e á Asociación Arela de forma solidaria o reintegro das cantidades aportadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cada unha das partes procederán ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **DÉCIMO SEXTA.- COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, os asinantes comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 e conforme ao establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio.

POLA FUNDACIÓN MENIÑOS

A directora xeral,  
Mónica Permuy López

POLA CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

A conselleira,  
Fabiola García Martínez

POLA ASOCIACIÓN ARELA

O director xeral,  
Julio Barreiro González



### ANEXO I

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA 2022-23		
CONCEPTO	2022	2023
Gastos de posta en marcha dos locais	94.112,43 €	
Gastos de persoal (coordinación, equipo intervención, administración...)	457.504,68 €	469.673,32 €
Locais e equipamento (locais, mobles, equipos informáticos, teléfonos, seguros...)	39.084,29 €	43.222,07 €
Subministrados (electricidade, auga, internet, telefonía...)	7.733,34 €	15.226,63 €
Gastos de actividade (materiais actividades, comidas, transporte, apoios económicos...)	25.275,68 €	45.890,92 €
Gastos administrativos	51.289,58 €	100.987,06 €
<b>TOTAL</b>	<b>675.000,00 €</b>	<b>675.000,00 €</b>





## ANEXO II. PROGRAMA

### Índice

1	<a href="#">FUNDAMENTOS DO PROGRAMA.....</a>	<a href="#">26</a>
2	<a href="#">MODELOS TEÓRICOS E PRINCIPIOS TÉCNICOS QUE SUSTENTAN A PRESERVACIÓN FAMILIAR.....</a>	<a href="#">28</a>
2.1	<a href="#">A parentalidade positiva:.....</a>	<a href="#">28</a>
2.2	<a href="#">O bo trato:.....</a>	<a href="#">29</a>
2.3	<a href="#">A vulnerabilidade e a resiliencia:.....</a>	<a href="#">30</a>
2.4	<a href="#">Recoñecemento do dano:.....</a>	<a href="#">31</a>
2.5	<a href="#">A Intervención familiar:.....</a>	<a href="#">31</a>
3	<a href="#">O PROGRAMA DE PRESERVACIÓN.....</a>	<a href="#">33</a>
3.1	<a href="#">Obxectivos:.....</a>	<a href="#">33</a>
3.2	<a href="#">Eixos de actuación:.....</a>	<a href="#">34</a>
4	<a href="#">METODOLOXÍA.....</a>	<a href="#">37</a>
4.1	<a href="#">Estratexias metodolóxicas:.....</a>	<a href="#">37</a>
4.2	<a href="#">Fases do proceso de intervención:.....</a>	<a href="#">37</a>
5	<a href="#">POBOACIÓN DESTINATARIA DO PROXECTO.....</a>	<a href="#">44</a>
6	<a href="#">EQUIPO HUMANO.....</a>	<a href="#">44</a>
6.1	<a href="#">Persoa responsable da Coordinación do proxecto.....</a>	<a href="#">45</a>
6.2	<a href="#">Psicólogo/a.....</a>	<a href="#">45</a>
6.3	<a href="#">Educador/a Familiar.....</a>	<a href="#">46</a>
6.4	<a href="#">Persoal Técnico de integración social.....</a>	<a href="#">46</a>
6.5	<a href="#">Grao universitario en maxisterio de educación primaria e Grao universitario correspondente, co master universitario en formación de profesorado, para educación secundaria.....</a>	<a href="#">47</a>
7	<a href="#">RECURSOS MATERIAIS.....</a>	<a href="#">47</a>
8	<a href="#">SEGUIMIENTO DA INTERVENCIÓN.....</a>	<a href="#">48</a>
8.1	<a href="#">Coordinación con servizos sociais comunitarios:.....</a>	<a href="#">48</a>
8.2	<a href="#">Coordinación con SPM.....</a>	<a href="#">48</a>
9	<a href="#">AVALIACIÓN DO PROGRAMA.....</a>	<a href="#">48</a>

### 1 FUNDAMENTOS DO PROGRAMA

Vivir en familia é, non só, un dereito fundamental da infancia recollido na CDN e no noso ordenamento xurídico, senón tamén, o modo máis eficaz para garantir a súa saúde presente e futura, o seu adecuado desenvolvemento e a satisfacción das súas necesidades.





A familia é o grupo humano natural de convivencia e socialización, os pais e nais son o contexto normal e natural de provisión dunha crianza saudable para os seus fillos e fillas, pero o exercicio da parentalidade ben tratante ven determinado por moitos factores, nos que a propia historia de vida dos pais e nais e os factores contextuais propios dos sistemas nos que viven teñen un papel fundamental. O exercicio dunha parentalidade competente é unha responsabilidade compartida por toda a sociedade, onde os poderes públicos teñen encomendada a función de apoiar a pais e nais no exercicio do rol parental e os diferentes axentes da rede de apoio temos a obriga de axudar e ofrecer oportunidades e programas especializados de intervención para garantir o dereito de nenos e nenas a vivir en familia.

O estado actual dos coñecementos sobre a persoa e a súa evolución, permite desenvolver modelos de intervención eficaces para os problemas que alteran e perturban o normal desenvolvemento dos nenos e nenas na súa contorna familiar, desde unha perspectiva global e integradora, que entende ao individuo dentro do seu sistema familiar, e a este, dentro do contexto social que o rodea.

Así, os programas de preservación familiar xorden como un novo modelo de traballo que supera a óptica limitadora de por o aceno nos déficits humanos e familiares, para introducir unha visión positiva das posibilidades de cambio e recuperación das persoas e das familias, e deste xeito orientar a práctica profesional non so a evitar o maltrato, senón a promover benestar, recuperar e estimular as capacidades e habilidades das persoas para o axeitado coidado e crianza dos seus fillos e fillas.

Emerxen impulsados sobre todo polo desenvolvemento da psicoloxía sistémica e os enfoques ecolóxico-sistémicos que conceptualizan as dificultades, analizando as dinámicas de interacción entre as persoas e o funcionamento dos sistemas familiares (reglas, funcións, características).

O enfoque ecolóxico-sistémico resalta o carácter de sistema aberto e influenciábel que supón a familia, acentuando a perspectiva ecolóxica: as persoas formamos parte dun conxunto de sistemas (mais e menos próximos) de influencias sociais, culturais e históricas dinámicas e en continuo proceso de cambio; e a sistémica: familia como conxunto de subsistemas flexíbeis interconectados, sometido a regras, funcións e permeábel ás influencias externas.

Con esta visión propoñemos un modelo de traballo para a preservación familiar dende esta concepción ecosistémica, xerando e aproveitando sinerxías entre os diferentes recursos, fundamentado nos postulados teóricos da intervención familiar sistémica, as competencias parentais, o bo trato, a resiliencia e o apego. Outorgamos ademais, unha importancia crucial ás capacidades e recursos das familias, á competencia e ó entorno socio-familiar, concibindo as familias como un sistema aberto, dinámico e en continuo proceso de cambio que conta cun potencial de crecemento e adaptación sobre o que é posible actuar.

A preservación familiar comprende todas as accións que hai que levar a cabo para manter os





nenos e nenas no fogar, cando as persoas responsables do seu coidado, por diversas circunstancias (contornos empobrecidos, carencia de habilidades, historias vitais traumáticas, procesos migratorios, crises nas súas transicións vitais, enfermidade, ...) non exercen axeitadamente as funcións parentais e poñen en risco o desenvolvemento dos seus fillos e fillas, pero sen acadar a gravidade que xustifique unha medida de separación familiar (M.J. Rodrigo). Isto supón á apertura dun espazo de prevención e segunda oportunidade para que as familias cos apoios axeitados podan recuperar e adquirir competencias para a asunción responsable da crianza.

A óptica da preservación familiar avanza dende a protección á promoción da infancia, poñendo o énfase na prevención que é a sinatura pendente no sistema de protección, asumindo que o benestar e a integración social da familia é unha das formas máis eficaces e sostibles para protexer á infancia. Non se trata só de evitar o maltrato, senón de promover o benestar, isto supón tamén cambiar a mirada sobre a familia, dende a óptica punitiva á visión capacitadora, promovendo as súas competencias e o seu papel como factor de protección dos fillos e fillas.

Na preservación familiar é fundamental lograr a colaboración familiar como parte nuclear do proceso, non considerando a colaboración como un trazo das familias, senón como unha característica da relación que se establece entre elas e o equipo de apoio.

Estamos pois nun novo escenario que esixe novos coñecementos e novas actitudes, cunha óptica de dereitos da infancia, unha visión preventiva e unha aplicación transdisciplinar da práctica profesional.

## 2 MODELOS TEÓRICOS E PRINCIPIOS TÉCNICOS QUE SUSTENTAN A PRESERVACIÓN FAMILIAR

### 2.1 A parentalidade positiva:

Dispor de referentes adultos sans, afectuosos e protectores é vital para a supervivencia de nenos e nenas, tan vital como a nutrición.

Fai xa 70 anos que R. Spitz demostrou que os bebés que non reciben amor corren o risco de morrer. Por suposto neses momentos o seu traballo foi completamente desprestixiado, ata que neste século apareceron estudos determinantes sobre a mortalidade e morbilidade de bebés que non gozan da disposición dun referente adulto protector estable.

Nills Bergman, pioneiro en investigación en neurociencia perinatal ten demostrado que a sola presenza da nai en contacto permanente co bebé e co apoio para a lactancia reduce a mortalidade nun 20% ao mes. El fala dos primeiros mil minutos de vida fundamentais para o desenvolvemento fisiolóxico e neurolóxico dos bebés.

Barudy lémbraos que sobrevivir, medrar e desenvolverse de forma san ten que ver co exercicio dunha parentalidade san e competente. A existencia e a calidade das relacións





interpersoais son responsables do desenvolvemento e maduración cerebral. Isto explica o papel fundamental dos BOS TRATOS para garantir o desenvolvemento san.

As persoas vimos programadas xeneticamente para coidar, estimular e protexer ás seguintes xeracións, pero en ocasións a bioloxía choca co ecosistema, coas circunstancias que impiden un exercicio axeitado da parentalidade. E por iso que se distingue entre parentalidade biolóxica (procreación e xestación) e parentalidade social (capacidades adquiridas para coidar, protexer, educar e socializar). O que nos permite que pais e nais poidan ser axudados a recuperar competencias (preservación familiar) e que outras persoas adultas poidan ser axudadas a adquirir competencias para a crianza (adopción, acollemento).

O exercicio dunha parentalidade san e competente ten que ver coa disposición por parte dos pais e nais, ou das persoas que exerzan a crianza, de competencias parentais.

As competencias parentais, defínense como aquel conxunto de capacidades que permiten aos pais e nais afrontar de modo flexible e adaptativo a tarefa vital da crianza, de acordo coas necesidades evolutivas e educativas dos fillos e fillas e cos estándares considerados como aceptables pola sociedade, e aproveitando todas as oportunidades e apoios que lles brindan os sistemas de influencia da familia para despregar ditas capacidades (Rodrigo, Máiquez, Martín e Byrne, 2008).

As competencias parentais son o resultado dun axuste entre as condicións psicosociais nas que vive a familia, o escenario educativo que os pais, nais ou coidadores construíron para realizar a súa tarefa vital e as características do neno ou da nena (White, 2005).

Factores de risco como a monoparentalidade, a precariedade económica, a violencia, o baixo nivel educativo, ou outros factores, converten o exercicio da parentalidade nunha tarefa difícil que compromete o desenvolvemento dos fillos e fillas.

Sen embargo, a disposición de competencias parentais pode evitar o risco de desprotección, e promover a resiliencia familiar. Nelas traballaremos desde este programa, seguindo o seu aporte teórico.

M. J. Rodrigo estrutura as competencias parentais necesarias para a crianza en varias categorías de habilidades:

**Habilidades educativas:** agarimo e afecto nas relacións, control e supervisión do comportamento infantil, estimulación e apoio á aprendizaxe, adaptabilidade ás características dos nenos e nenas.

**Axencia parental:** conciencia sobre as propias capacidades, control sobre as súas vidas, acordo na parella, percepción realista das esixencias do rol parental.

**Autonomía persoal e busca de apoio social:** visión positiva dos fillos e fillas, responsabilidade



ante o seu benestar, implicación nas tarefas educativas, busca de axuda para complementar o rol parental, recoñecemento e utilización dos recursos para cubrir as necesidades como pais e nais e como persoas adultas.

**Vida persoal:** asertividade, autoestima, planificación e proxecto de vida, control de impulsos, estratexias de afrontamento do estrés, habilidade de resolución de conflitos e asunción de retos.

## 2.2 O bo trato:

Cando falamos de bo trato, estamos a facer referencia a un construto teórico e científico, totalmente relacional, que alude á responsabilidade social, non só ás capacidades parentais, senón á capacidade das persoas para protexer e favorecer o desenvolvemento global de todos.

O modelo dos bos tratos á infancia introducido por Barudy, J. e Dantagnan, M. sitúa aos nenos e nenas no centro das prioridades humanas, o que significa que as persoas adultas deben de procurar a satisfacción das necesidades da infancia. Asumir esta concepción é asumir que os nenos e nenas non son unicamente unha responsabilidade dos seus pais e nais, senón unha responsabilidade compartida de toda a sociedade que, na súa organización e funcións, ha de contemplar a provisión de todos os recursos necesarios para a adecuada atención á infancia, promovendo a capacidade das persoas para protexer e favorecer o desenvolvemento global de todos, única garantía para a consecución dunha sociedade sa.

Asegurar o bo trato á infancia supón basearse en paradigmas teóricos que revelan as necesidades fundamentais da infancia e o modo de proveelas.

Félix López (1995) elaborou unha completa e complexa taxonomía de necesidades da infancia que nos lembra o enorme desafío que supón o exercicio responsable da parentalidade para os pais e nais e tamén para os profesionais na construción e aplicación dos procesos de preservación.

Desde este enfoque, a preservación familiar debe avaliar e cubrir as necesidades especiais dos nenos e nenas en situación de risco de desprotección que xa teñen un nivel de dano polas incompetencias parentais e os factores sociais adversos, e avaliar e aportar os recursos terapéuticos e educativos necesarios para promover as competencias parentais deterioradas ou insuficientes.

## 2.3 A vulnerabilidade e a resiliencia:

As profesionais do sistema de protección á infancia estamos acostumadas a traballar manexando a avaliación e interacción de factores de risco e factores de protección. Pero o traballo en preservación familiar, require avanzar sobre estes modelos e introducir novos conceptos como son a vulnerabilidade e, especialmente, a resiliencia (M. J. Rodrigo).

A vulnerabilidade fai referencia a factores persoais ou relacionais que incrementan os efectos





negativos das situacións de risco, estamos a falar de variables persoais, como o sexo, a idade, o temperamento, ou variables contextuais como a pobreza, a violencia, etc.

A resiliencia enténdese como un proceso dinámico, en construción, que supón unha adaptación positiva da persoa e un funcionamento competente incluso ante riscos e situacións adversas.

A resiliencia ademais, como aporta Jorge Barudy é unha capacidade que emerxe das interaccións sociais e é sobre todo o resultado de nutrientes afectivos, cognitivos, relacionais e éticos que os nenos e nenas reciben do seu entorno. A resiliencia pode protexerse, estimularse e favorecerse a través da intervención e das interaccións. As experiencias e intercambios que establecemos coas familias e os escenarios de colaboración e apoio nas que as situamos poden favorecer a resiliencia familiar e persoal.

Tense estudado moito sobre a resiliencia persoal, pero moito menos sobre a resiliencia parental e familiar.

Neste modelo, a resiliencia parental está referida ao sistema educativo parental, M.J. Rodrigo defínea como o proceso dinámico que permite aos pais e nais desenvolver unha función protectora e sensible ás necesidades dos fillos e fillas. Neste senso hai que enfocar o traballo a potenciar sintonía emocional, dispoñibilidade e sensibilidade cara eles e elas.

A resiliencia familiar está referida aos procesos familiares que favorecen ao funcionamento do sistema en condicións de adversidade ou vulnerabilidade: cohesión e coherencia familiar, sentido e propósitos compartidos e disposición de estratexias de afrontamento.

É importante tamén diferenciar entre resiliencia primaria e resiliencia secundaria, a primeira fai referencia a capacidade de nenos e nenas para afrontar circunstancias adversas construídas nos primeiros anos de vida a través da interacción ben tratante coas persoas adultas cuidadoras, a segunda fai referencia á capacidade de desenvolverse de forma san e proxectarse no futuro de forma saudable a pesares de ter padecido circunstancias adversas.

Desde este enfoque a nosa intervención incidirá na estimulación da resiliencia ofrecendo vinculacións afectivas seguras, estimulando a reflexión e a toma de conciencia sobre o significado e sentido das experiencias vitais, tecendo redes de apoio social, favorecendo as experiencias familiares positivas e conectando nenos e nenas e pais e nais coas súas comunidades para sentirse partícipes e protagonistas das mesmas.

#### 2.4 Recoñecemento do dano:

A capacidade das persoas para exercer a crianza está en relación directa coas súas vivencias e experiencias vitais, moi especialmente coas experiencias de vinculación que experimentaron. O dano causado a idades temperás pode estar a limitar a capacidade de pais e nais á hora de establecer unha parentalidade positiva cos seus fillos e fillas.





É por iso que explorar adecuadamente as historias familiares das persoas adultas de referencia, recollendo información sobre danos sufridos, vivencias traumáticas e estilos de apego, é determinante para o deseño dunha adecuada intervención, achegándonos unha visión realista e particular de cada familia e de cada persoa, facilitándonos o deseño dos obxectivos e as actuacións e permitiéndonos optimizar o traballo.

Dedicaremos pois unha especial atención á análise detallada do núcleo familiar a través de entrevistas dirixidas e apoiadas en probas específicas, adoptando unha visión comprensiva da problemática que trouxo ás familias ao sistema de protección, apreciando as vivencias emocionais que as familias teñen respecto das súas experiencias de vida e sobre aqueles aspectos externos da persoa, que poidan estar a interferir no exercicio das súas funcións parentais, contemplando as súas necesidades e expectativas, favorecendo desde o primeiro momento a súa implicación no programa.

Se queremos intervir para conseguir cambios, é necesario darlle á avaliación a importancia necesaria e facer unha valoración e análise adecuada das dificultades conectando cos procesos de crianza de pais e nais.

## 2.5 A Intervención familiar:

A intervención familiar é unha estratexia de intervención psicosocial dirixida á familia, focalizando as actuacións nas relacións que se establecen entre as persoas que compoñen o sistema familiar, tendo en conta á vez a cada unha das persoas que o integran, ao grupo familiar como tal e ás interaccións entre este sistema e o contexto social no que está inmerso, co obxectivo de promover cambios no seu funcionamento.

A familia, como sistema, ten unha dinámica propia, unhas regras de funcionamento, un ciclo de vida e uns patróns de organización que contribúen decisivamente no benestar do propio sistema e das persoas que o integran.

Doutra banda, a familia non existe á marxe do contexto social máis amplo no que está inmersa (ecoloxía) e co que se interrelaciona, participando tamén dunhas regras propias que lle proporcionan pautas de funcionamento.

A familia é pois un sistema privilexiado, que non só actúa decisivamente sobre os individuos que o compoñen, senón que ademais serve de elemento ponte e filtro para interactuar con outros sistemas máis amplos (escola, barrio, comunidade, sociedade en xeral), o que lle outorga unha posición privilexiada como contexto de interacción e modulación con outros sistemas que transcende a importancia da intervención na propia familia para ter efectos máis amplos de afectación ao benestar social.

É por iso que avaliar e actuar sobre a dinámica familiar permite cambiar esa dinámica e a funcionalidade da familia e os seus integrantes, potenciando todos os factores positivos e



controlando e eliminando factores de risco, contribuíndo decisivamente a un adecuado funcionamento do sistema familiar e tamén a un adecuado funcionamento social.

Entender ás persoas dentro dos sistemas de relacións nos que se manexan, supera formulacións individuais descontextualizados que alienan a dimensión natural, social e relacional das persoas e as súas influencias, permitindo abrir unha xanela máis ampla de coñecemento e actuación, contemplando e actuando sobre a multiplicidade de variables e aspectos que inflúen directamente nos comportamentos.

A familia é un elemento crave cando traballamos no ámbito da acción social: situacións de vulnerabilidade social, risco social, desprotección infantil, etc.

O papel da intervención familiar cobra se cabe máis valor cando falamos de dificultades na infancia (risco, desprotección, condutas violentas, etc.), dada a característica de vulnerabilidade da infancia que depende das persoas adultas para poder satisfacer e garantir as súas necesidades bio-psico-sociais e dado que unha das principais necesidades sitúase no plano psicolóxico, especialmente nos primeiros anos de vida e fai referencia á necesidade dunha vinculación afectiva san, segura e protectora que só pode proporcionar un contexto como o familiar.

Neste tipo de dificultades unha acción social eficaz pasa necesariamente pola intervención familiar.

As características da intervención familiar son:

- Carácter preventivo, en tanto que o seu obxectivo é intervir en fases precoces, evitando o deterioro de situacións persoais e sociais, promocionando novos recursos e habilidades persoais e favorecendo o mantemento das persoas menores de idade no núcleo familiar.
- Carácter educativo, en canto que as intervencións van dirixidas á instauración e desenvolvemento de competencias parentais e/ou persoais, e estilos educativos axeitados.
- Carácter asistencial, porque o método utilizado é o apoio inmediato e próximo, empregando actividades da vida diaria como instrumento desencadeante de todo un sistema potenciador de actitudes positivas, persoais e sociais.
- Carácter integral e integrador: porque atende á persoa na súa tripla dimensión mental, emocional e comportamental e nos seus ámbitos de desenvolvemento individual e social/relacional como parte integrante e activa dunha rede de sistemas e relacións.



### 3 O PROGRAMA DE PRESERVACIÓN

#### 3.1 Obxectivos:

O programa de preservación persegue:

- **Lograr o mantemento da unidade familiar** evitando a separación de fillos e fillas das súas familias.
- **Finalizar a situación de desprotección leve e moderada** e evitar a súa reaparición.
- **Reparar as secuelas que a desprotección pode ter provocado** nos nenos, nenas e adolescentes.
- **Incrementar a competencia familiar:** proporcionándolle unha nova forma útil de entender as dificultades e as necesidades da propia familia no seu conxunto e de cada un dos seus membros en particular, incrementando o seu potencial de crecemento e mellora, e dotándoa de novas habilidades e capacidades de relación e de manexo das dificultades.
- **Mellorar a integración e a relación do sistema familiar co contexto comunitario onde se insire:** favorecendo a relación axustada e eficaz coa comunidade como elemento natural de fortalecemento de sistema familiar e compensatorio, provedor de apoios.
- **Aumentar a funcionalidade do sistema familiar para o futuro:** dotalo dunha maior funcionalidade xeral, non só actuar para solucionar dificultades existentes, senón actuar tamén dunha maneira preventiva e preparatoria, organizando e ordenando o sistema familiar para unha maior eficacia ante dificultades e retos futuros.
- **Promover ás propias familias e aos seus membros:** unha intervención eficiente, con marcado carácter ecolóxico e sustentable que busca que as persoas se empoderen, se fagan competentes e se sentan responsables dos logros realizados, transferindo habilidades e estratexias para que as propias familias xestionen os seus propios recursos de cambio e crecemento e teñan sensación de control sobre as súas propias vidas.
- **Potenciar a vinculación afectiva:** a saúde mental e emocional das persoas está condicionada en grande medida pola cantidade e calidade dos seus vínculos. Un obxectivo fundamental é favorecer a empatía, a sensibilidade e a dispoñibilidade de pais e nais para apegarse cos seus fillos e fillas, e viceversa tecendo unha relación afectiva forte, estable e poderosa.
- **Atender ás necesidades específicas dos nenos e nenas** afectados polas situacións de risco leve e moderado que deixan pegada nas súas vidas favorecendo a súa resiliencia secundaria e a súa adaptación.
- **Garantir a satisfacción das necesidades básicas dos nenos, nenas ou adolescentes no entorno familiar:** Mantendo un seguimento e control do estado do neno, nena e adolescente e do coidado que recibe no domicilio familiar.



- **Dotar ao neno, nena ou adolescente de recursos persoais** e de apoio suficientes de acordo a seu nivel evolutivo, de forma que poda ter un desenvolvemento adecuado a pesar de vivir nun entorno con certos déficits familiares.
- **Protexer e promover o desenvolvemento integral do neno, nena ou adolescente** á vez que se facilita a súa adaptación e integración social dende o seu entorno.
- **Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de nenos, nenas e adolescentes** e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.

### 3.2 Eixos de actuación:

**Intervención psicosocial** enfocada á prevención e solución dos procesos de exclusión, desaxuste e inadaptación de nenos, nenas e adolescentes e as súas familias que obstaculizan o adecuado proceso madurativo e especificamente, a súa capacidade de interrelación e socialización. A intervención psicosocial focalízase na transmisión de estratexias que contribúan a mellorar o funcionamento social das familias, promovendo valores de igualdade, respecto e integración, estimulando habilidades sociais, de relación interpersoal, e de inclusión, para posibilitar un funcionamento psicosocial axustado nas súas relacións, evitando condutas antisociais e delituosas; e tamén actuacións de inserción social das persoas menores de idade e da súa familia na súa comunidade social de referencia, co obxectivo de reconectar ás familias e aos nenos e nenas nas redes de apoio social e para o establecemento dunha relación de uso normalizado cos recursos sociais comunitarios e específicos.

É fundamental apoiar a conexión das persoas coa rede de recursos comunitarios e específicos, para garantir a transferencia e consolidación de habilidades: a competencia social só pode satisfacerse en contextos reais, sen interacción e interrelación non poden aplicarse as aprendizaxes e por tanto dificilmente poderán xeralizarse, consolidarse e mellorar a competencia social.

**Orientación vocacional para a inserción social e laboral** para adolescentes e familias que o necesiten en función das súas idades e proxectos nos que estean inmersos, cun claro traballo preventivo dirixido á reflexión e provisión dos elementos necesarios para posibilitar a mellor elección para cada persoa, a través de métodos de autoexploración persoal e análise do contexto.

**Asesoramento para a promoción de hábitos de vida saudables** cunha perspectiva totalmente integradora que evite a disgregación de contidos por áreas e permita mellorar o impacto dun programa unificado que incida á vez sobre todos os aspectos asociados a un estilo de vida saudable. Mantemos un dobre enfoque, preventivo capacitando ás persoas para controlar e evitar situacións de risco, e promotor da saúde a través da capacitación e adquisición de coñecementos, actitudes e hábitos básicos de saúde individual e colectiva.



**Educación familiar:** A educación familiar ofrecerase ás familias que presenten necesidades de orientación e educación en habilidades parentais necesarias para a idónea atención e coidado dos nenos, nenas e adolescentes, co obxectivo de conseguir que as familias adquiran as habilidades e hábitos adecuados para atender ás necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e de idónea resposta ás condutas dos seus fillos e fillas. Un servizo destas características actúa transmitindo coñecemento e promovendo habilidades que axuden á mellora da dinámica familiar, contemplando aspectos de economía doméstica, organización e regras familiares, orientación no establecemento de pautas educativas axeitadas, habilidades de autocoidado persoal e coidado dos fillos e fillas, resposta as súas demandas e necesidades, manexo de condutas e interacción entre os membros da familia, estratexias de resolución de conflitos e afrontamento de crises.

**Intervención terapéutica:** o obxectivo da terapia familiar é axudar a todo o sistema familiar a facer os axustes adecuados, a reparar os problemas que estancaron e bloquearon o seu desenvolvemento e benestar, ofrecendo un espazo para a solución de conflitos e a mellora da dinámica familiar, axudando a todos os membros a facer os axustes necesarios para posibilitar o crecemento do propio sistema familiar e o desenvolvemento satisfactorio dos seus membros.

Trabállase a través de entrevistas individuais e grupais centradas nas relacións e nas condutas que inflúen nas interaccións entre as persoas con lazos afectivos significativos, co obxectivo de entender, aliviar e resolver (xerar cambios) dificultades psicolóxicas, relacionais e/ou de conduta das persoas destinatarias do programa, que estean a dificultar a adecuada funcionalidade da contorna familiar (inestabilidade emocional, consumo de alcohol, asunción axeitada de roles familiares, conflitos de parella ou interxeracionais, etc.), proporcionando estratexias de afrontamento adecuadas e posibilitando a recuperación e/ou fortalecemento do vínculo familiar afectivo e protector. E utilízase a batería de técnicas que proporciona a terapia sistémica (estruturación do contexto de intervención que facilite a alianza e a colaboración, habilidades básicas e habilidades específicas do equipo de intervención, habilidades específicas de entrevista, técnicas de tipo psico-social).

Prestarase especial atención ás dificultades psicolóxicas e emocionais que se producen na infancia e na adolescencia, cando non se dispón dun entorno protector e afectivo ou cando este entorno e os propios nenos, nenas e adolescentes están expostos a situacións de especial risco e vulnerabilidade, con espazos de terapia individual destinada a nenos, nenas e adolescentes cunha intervención orientada á toma de conciencia da súa historia persoal, a construción positiva da súa identidade e á consecución dun axeitado desenvolvemento psico-emocional.

**Asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios na atención aos nenos, nenas e adolescentes e ás súas familias:** Este servizo está orientado a atender as demandas de asesoramento propostas polo equipo técnico do Concello en todos aqueles temas que teñen



que ver coa atención ás familias e nenos e nenas en situación de vulnerabilidade, a través de entrevistas e tamén a través do aporte de materiais, informes e datos que permitan compartir coñecemento en beneficio das persoas en situación de vulnerabilidade do Concello.

**A Fundación Meniños e a Asociación Arela comprométense** á dotación mediante alugueiro ou cesión e o equipamento de dous locais con características adecuadas para a intervención (un por comarca). Estes espazos deberán ser operativos en toda a xornada, cuxa concepción e equipamento estea orientado a conseguir a rehabilitación da funcionalidade familiar:

- espazos de oficina
- salas de traballo individuais e de grupo (talleres familiares)
- espazos de entrevistas
- minicociña (utilizada como espazo de aprendizaxe familiar)
- servizos comúns (salas de espera, baño)
- o servizo prestarase nestes locais, así como no domicilio das familias (durante a fase final da intervención para a consolidación da transferencia ao fogar das competencias e melloras conseguidas), en horario de luns a venres de 12:00 a 20:00 e os sábados de 10:00 a 14:00.

## 4 METODOLOXÍA

A clave destes “espazos de preservación” está na articulación equilibrada dos dous niveis de actuación nas situacións de risco nas que vamos a operar: PREVENCIÓN do maltrato e PROMOCIÓN do bo trato, programando a avaliación e a actuación tendo en conta a interacción entre factores de risco, protección, vulnerabilidade e resiliencia.

### 4.1 Estratexias metodolóxicas:

Os fundamentos metodolóxicos da intervención céntranse en:

- **Perspectiva posibilista**, orientada ao potencial de cambio das persoas (familias resilientes, loitadoras coa desintegración familiar, desesperadas por construír un futuro que as exonere dos fallos cometidos, dispostas a facer algo novo,...)
- **Visión holística**: as situación de risco e desprotección implican múltiples sistemas e redes de relacións (familia, infancia, comunidade, sistema legal,...) que interaccionan para protexer e desprotexer.
- **Concepción integrada e integradora das relacións humanas**: protexer é ante todo unha actividade relacional na que operan diferentes sistemas de relacións e influencias sobre as que se pode actuar.





- **Mirada apreciativa** das persoas: buscando e valorando as súas capacidades, habilidades, fortalezas e talentos, coñecendo e afondando na súa historia de vida e nas súas necesidades.
- **Enfoque de colaboración e respecto ás familias:** é preciso crear un contexto de intervención baseado na confianza e na colaboración, que axude ás familias a dar sentido e integrar as súas vivencias e que mellore os seus recursos para proxectarse de forma positiva no futuro. Asumimos a potencia do noso rol como factor de influencia e modelo de bo trato e respecto.

#### 4.2 Fases do proceso de intervención:

##### A. Detección duna situación de risco polos servizos sociais municipais e derivación ao espazo de preservación familiar:

Esta fase é determinante porque supón a discriminación e canalización das familias ao programa e polo tanto a óptima utilización do recurso.

É fundamental que os servizos derivantes fagan unha investigación e avaliación da situación de risco e desprotección infantil, con calquera dos instrumentos de avaliación dispoñibles dende a literatura científica, para determinar o grao de risco (leve ou moderado) e derivar ao programa ás familias coa aceptación por parte da mesma.

##### B. Alta no programa, recepción das familias:

A recepción e acollida das familias determinará en boa medida a súa postura de colaboración, por tanto é obrigado establecer dende o primeiro momento unha recepción ben planificada asentando pautas para crear confianza e unha alianza de traballo axeitada:

- Presentación do programa, a súa finalidade, o tempo de intervención, os formatos, as expectativas, a necesidade de colaboración.
- Recoller as expectativas das familias e de cada neno e nena, as súas necesidades, as súas inquiredanzas favorecendo desde o primeiro momento a implicación co programa.
- Consensuar algún obxectivo de traballo compartido.
- Presentación do equipo profesional e funcións de cada persoa
- Presentación do “espazo”: salas, usos, normas
- Decisión e planificación dos horarios para o traballo coa unidade familiar
- Presentación e firma de todos os documentos necesarios para o inicio da intervención

##### C. Análise da situación familiar:

Traballando con familias en situación de risco leve e moderado é fundamental facer unha análise minuciosa da situación, contemplando como dixemos na fundamentación a conxunción



de factores de risco, de protección, vulnerabilidade e resiliencia e todo iso a través de instrumentos axeitados (como pode ser o cuestionario de avaliación de competencias parentais, Rodrigo, M. J., Martín, J. C. e Cabrera, E. ou a Escala CESF de avaliación do funcionamento familiar; os diferentes listados que ofrece M. J. Rodrigo no manual de Preservación Familiar, etc.), entrevistas e observación.

Un aspecto fundamental é fuxir de modelos de funcionamento “ideal”, porque cada familia ten un funcionamento propio e hai que articular a funcionalidade familiar buscando a adecuación parental suficiente.

Observaremos:

- Identificación de factores de risco e factores de protección no funcionamento familiar, persoal, grupo de iguais, e comunidade.
- Identificación de factores de vulnerabilidade e resiliencia na adaptación persoal e social, na súa biografía.
- Xenograma: estrutura familiar, información biográfica, información de saúde e identificación das relacións familiares
- Historia familiar de eventos significativos na vida das familias (pais e nais e fillos e fillas por separado): parellas, embarazos, crianza, eventos traumáticos, etc.
- Redes de apoio: persoas significativas nas que confíen, uso de redes informais e formais de apoio identificando recursos extrafamiliares presentes o ausentes que poidan ser de utilidade no traballo de recuperación das familias
- Capacidades/competencias para a crianza:
  - Capacidade de empatía: examinar a capacidade dos pais e nais de percibir as vivencias internas dos fillos e fillas, a través da comprensión das súas manifestacións emocionais, sintonizando co estado emocional dos rapaces e rapazas.
  - Capacidade de apego seguro: observar os recursos cognitivos, emocionais e comportamentais que os pais e nais posúen para vincularse aos seus fillos e fillas, a través da observación, a entrevista e das elaboracións mentais, reflexións e explicacións que os pais e nais ofrecen das súas relacións parentais.
  - Modelos de crianza: observar a forma de responder dos pais e nais ás demandas dos fillos e fillas, os modos de comunicación, control e corrección e a calidade das interaccións. Os déficits nos modelos de crianza son indicadores de incompetencia parental e case sempre están vinculados con experiencias de crianza negativas dos propios pais e nais que hai que abordar para poder cambiar o patrón transxeracional de coidados, porque os modos de crianza e relación transmítense de xeración en xeración (Barudy J.).



- A capacidade de pais e nais de participar en redes sociais e de utilizar os recursos comunitarios: a parentalidade como xa dixemos e tamén unha práctica social, onde a comunidade e os seus recursos poden converterse nun factor de protección e apoio ás familias ou nun factor de risco.

#### D. Elaboración e aplicación do Plan de preservación familiar:

En función da avaliación específica da problemática de cada familia elabórase un plan de preservación familiar que incidirá en diferentes aspectos en función das debilidades, fortalezas, vulnerabilidades e resiliencia da familia, pero que en todo caso sempre terá os seguintes compoñentes:

**D.1. Capacidades e competencias parentais:** traballaremos tanto con pais e nais como con calquera outra figura que sexa referencial para os nenos e nenas fortalecendo as súas habilidades e competencias para a crianza:

- Capacidade de empatía: promovendo vivencias de aceptación incondicional dos seus fillos e fillas, a través da reflexión, a inversión de roles, a intimidade.
- Capacidade de xerar apego seguro: favoreceremos o afloramento de espazos e momentos de intimidade, lúdicos e afectivos onde poidan aflorar vivencias gratificantes, estimulantes relaxadas, recoñecemento apreciativo dos fillos e fillas, e interpretacións comprensivas dos comportamentos e reaccións. Favoreceremos a proximidade entre os membros da unidade familiar, os espazos de encontro e relación positiva e os momentos lúdicos.
- Modelos de crianza: orientaremos e promoveremos prácticas educativas baseadas na comunicación, no respecto, na aceptación e o interese por todas as persoas que compoñen a familia. Desenvolveremos capacidades e fortalezas para manexar os desafíos, as emocións e as condutas desde a serenidade, a claridade e a implicación.
- Fortalezas persoais: rescataranse e estimularanse as experiencias positivas, os talentos e virtudes de cada persoa para incrementar confianza, seguridade tanto no rol parental como a nivel persoal.

**D.2. Competencias persoais:** é fundamental dedicar un tempo de atención específica a cada persoa para traballar na súa historia vital, rescatando a súas habilidades, fortalecendo a súa autoestima e reparando eventos traumáticos que están limitando o seu desenvolvemento como persoa e súa capacidade para aprender e a posibilidade de fortalecer as súas relacións e apuntalar os seus proxectos vitais.

**D.3. Resiliencia parental:** traballaremos para fomentar a parentalidade positiva, a sensibilidade, a dispoñibilidade cara os seus fillos e fillas, a sintonización emocional, recoñecendo o seu papel central como pais e nais, ampliando o seu repertorio de condutas, o seu recoñecemento da súa influencia no comportamento dos nenos e nenas.

**D.4. Resiliencia familiar:** traballaremos con toda a unidade familiar para favorecer o sentimento de pertenza, a cohesión familiar, os propósitos compartidos a través dos momentos significativos para





cada familia, a análise da súa historia vital, a mellora nos patróns de comunicación familiar, a preparación de experiencias lúdicas e desfrute familiar, a disposición de momentos para compartir sentimentos, intereses, capacidades que valoricen a todos os membros da familia.

Todo isto a través de tres tipos de sesións:

- Espazos individuais cos pais e nais para facer un traballo máis reflexivo e educativo de transmisión sobre as características e necesidades dos seus fillos e fillas, axudándolles a entender e responder ás súas demandas e estados emocionais. E tamén un traballo de parella recuperando a sintonía necesaria para abordar unha crianza coherente e consistente.
- Espazos vivenciais: proporcionaranse oportunidades para que se poidan practicar habilidades e competencias, favorecerase a interacción parento-filial con actividades compartidas lúdicas e de desfrute cos seus fillos e fillas favorecendo a emerxencia de sensacións, emocións e experiencias que impregnen a convivencia positiva.
- Espazos grupais: compartindo experiencias con outras familias sobre a crianza. O grupo sería un contexto de formación e intercambio de tipo experiencial onde se parte de experiencias cotiáns das familias, das súas inxerencias coa crianza, das súas prácticas educativas, para desgravar e analizar cognicións, emocións e comportamentos e condúcelos nun proceso indutivo no que van xerando e compartindo coñecemento, contrastando as súas experiencias e reflexionando sobre elas.
- Espazos para incorporar a outras persoas adultas significativas: o apoio que poden proporcionar outras persoas significativas da familia é un factor que debemos utilizar cando se necesite e se dispoña de el acercándoo ao programa a través de actividades ou momentos concretos (reunións, actividades lúdicas,...) .

Utilizaranse técnicas sinxelas orientadas a rescatar e fortalecer capacidades:

- Análise de verbalizacións de como pensan, senten e actúan.
- Poñerse no punto de vista da outra persoa.
- Reconceptualizar e resignificar experiencias vividas
- Observar as consecuencias das accións
- Reflexión compartida sobre as atribucións do comportamento infantil e as emocións que lles suscita
- Introducción de pequenos cambios nas súas vidas
- Información sobre necesidades e aspectos evolutivos dos seus fillos e fillas
- Adestramento en habilidades de regulación emocional, relaxación
- Adestramento en habilidades para a comunicación asertiva: escoita e expresión verbal, xestual e paraverbal



- Adestramento en pautas concretas de actuación
- Identificar os modos de comunicación verbal e non verbal dos seus fillos e fillas
- Identificar e distinguir os estados mentais dos seus fillos e fillas
- Aprender habilidades concretas de coidado infantil
- Aprender a regular o comportamento dos fillos e fillas
- Estratexias para a resolución de problemas e negociación
- Disciplina positiva: límites, normas, consecuencias
- Modelado de conducta
- Reforzo de capacidades e habilidades
- Fomentar o desfrute da parentalidade
- Reforzar os sistemas de apoio naturais
- Promover situacións de ocio familiares
- Ofrecer modelos positivos
- Implicalos en proxectos na súa comunidade

➤ **Intervención con nenos, nenas e adolescentes:**

- Apoio aos seus recursos naturais e a satisfacción das súas necesidades básicas, cando non detectamos danos que necesiten dunha reparación terapéutica, prestando especial atención á disposición dun ambiente e un espazo estimulante que favoreza a experimentación de múltiples actividades e experiencias que poida transferir e xeralizar
  - Intervención educativa: sendo a educación un factor fundamental de desenvolvemento persoal e superación é fundamental apoiar e aportar reforzo a todas as tarefas escolares nun entorno coidado e positivo que afianza o sentimento de desfrute, aliméntese e eleva as expectativas e aporte estrutura e orde para contribuír ao éxito escolar.  
  
En función das idades é fundamental na adolescencia orientar o proceso educativo e favorecer itinerarios alternativos se fosen necesarios e preparación para a inserción laboral.
- Desenvolvemento persoal: axudar ao seu desenvolvemento cognitivo e emocional, aportando espazos individualizados para o traballo directo no reforzo das súas calidades e capacidades resilientes.
  - Favorecer procesos de reflexión que melloren a comprensión da súa traxectoria vital, aportarlle sentido ao vivido
  - Estimular o desenvolvemento de capacidades de autocontrol, autorregulación emo-



cional, afrontamento de situacións estresantes.

- Valorizar e evidenciar todas as fortalezas, calidades, incrementando a sensación de eficacia e elevando as súas expectativas
- Resignificación das adversidades rescatando os elementos positivos e afianzando o sentimento de superación e eficacia.
- Facer proxeccións ao futuro para clarificar e preparar traxectorias vitais.
- Proporcionar un titor de resiliencia que favoreza a súa vinculación cando sexa necesario.
- Desenvolvemento social: favorecer as súas competencias sociais, aportando experiencias relacionais positivas, favorecendo o encontro con outros rapaces e rapazas que asistan ao programa, aproximándoo aos contornos sociais máis axeitados en función das idades, favorecendo a creación dunha rede informal de apoio entre o grupo de iguais, cuidando o seu aspecto físico como primeira ferramenta ca que nos presentamos ante as demais persoas.
- Reparación terapéutica naquelas situacións nas que a pegada que deixa o risco de desprotección ou outras experiencias vividas demandan un traballo específico de reparación.

O sufrimento nunca pode ser desatendido e minimizado, moito menos na infancia e na adolescencia, etapas nas que se determina en gran medida a personalidade e a forma de relación.

As consecuencias dos procesos traumáticos son moi acusadas canto menor é a idade dos que os padecen porque provocan mecanismos de adaptación perversos que limitan as súas posibilidades para vivir e convivir de forma sa e construtiva no futuro. En moitos casos eses mecanismos tradúcense en conductas lesivas, agresivas, comportamentos disruptivos, dificultades de aprendizaxe, promiscuidade, etc. que doadamente poden ser interpretados como trastornos do comportamento, pero que son en realidade a manifestación do dano vivido.

Saber detectar estes signos e proporcionar toda a axuda terapéutica necesaria e fundamental para que poidan recuperar unha vida plena.

Todo isto a través de tres tipos de sesións:

- Espazos individuais terapéuticos nos casos dos procesos de reparación
- Espazos vivenciais: proporcionaranse oportunidades para que se poidan practicar habilidades e competencias, favorecerase a interacción parento-filial con actividades compartidas lúdicas e de desfrute cos pais e nais favorecendo a emerxencia de sensacións,



emocions e experiencias que impregnen a convivencia positiva.

- Espazos grupais: especialmente fomentando a convivencia nun grupo de iguais que permita a identificación positiva, os modelos e referentes axeitados, a complicidade, a elevación de expectativas. Para isto poden ser moi axeitados os espazos de apoio educativo.

Utilizaranse técnicas propias á intervención pedagóxica e terapéutica:

- Acompañamento, presenza e apoio a través dun referente estable
- Aprendizaxe de habilidades para identificación e expresión emocional
- Autorregulación emocional
- Capacidade de escoita, expresión e comunicación empática
- Afrontamento de situacións estresantes
- Modelado de conducta
- Resignificación de experiencias vividas
- Construción da identidade
- Habilidades de intelixencia emocional
- Espazos lúdicos de desfrute
- Técnicas terapéuticas

**D.5 Intervención comunitaria con outros sistemas implicados:** unha parte nada depreciable do traballo nun espazo destas características e con esta concepción eco-sistémica debe dirixirse a manter contactos, coordinacións, asesoramentos e apoio con outros recursos comunitarios esenciais para a funcionalidade familiar: entorno escolar, servizos sociais de base, servizos de saúde. O obxectivo é unir esforzos e manter liñas comúns de actuación que multipliquen o impacto positivo nas familias. Xeralmente estas familias teñen dificultades recorrentes que se manifestaron en moitos dos sistemas da comunidade na que viven xerando unha visión e consideración negativa que é preciso cambiar, apuntalada nos logros que van conseguindo as familias.

- Contorna escolar: facilitar ao profesorado unha visión positiva e competente dos nenos e nenas e das súas familias favorecendo o achegamento emocional, a empatía e a comprensión das dificultades e dando oportunidades ao cambio.
- Contorna servizos sociais: favorecer o traballo compartido e o traspaso de información para a detección de dificultades, a constatación dos avances, e a disposición de oportunidades para todas as familias.

## 5 POBOACIÓN DESTINATARIA DO PROXECTO

Nenos, nenas, adolescentes e familias en situación de **vulnerabilidade ou risco de**



**desprotección**, é dicir, aquelas situacións nas que os nenos, nenas e adolescentes, tendo as súas necesidades básicas satisfeitas e non encontrándose os pais, nais ou persoas de referencia, incapacitadas ou imposibilitadas para exercer os deberes de protección, viven e se desenvolven en contextos familiares ou sociais, nos que as condicións poden provocar un dano a curto, medio ou longo prazo, no seu benestar e desenvolvemento. É dicir:

- Familias nas que o neno, nena ou adolescente aínda non sufriu dano significativo, pero podería sufrilo no futuro se non hai intervención e se valora que o apoio que poda facerse dende os servizos sociais de base non é suficiente para evitar a dita situación, precisando da intervención de profesionais especializados cun contacto intensivo coa familia.
- Contornos familiares nos que haxa pautas de trato e coidado inadecuado cara o neno, nena ou adolescente, sen que se cheguen a dar situacións de desprotección que requiriran a intervención do sistema de protección de menores (SPM), mais si puidesen desembocar en situacións de risco de desprotección no caso de agravarse a situación, sendo o espazo de preservación familiar un apoio no proceso de normalización familiar.

## 6 EQUIPO HUMANO

Crearanse dous Espazos de Preservación Familiar, un localizado na comarca do Barbanza e outro na comarca do Salnés. Cada Espazo prevé contar co seguinte equipo interdisciplinar:

- 1 Profesional responsable de Coordinación
- 2 Profesionais con titulación en Psicoloxía
- 4 Profesionais graduados en Educación social
- 1 Profesional técnico de integración social (TIS)
- 1 Profesional con titulación de Grao universitario en maxisterio de educación primaria
- 1 Profesional con Titulación de Grao universitario co master universitario en formación do profesorado para secundaria.

A previsión da dedicación das persoas do equipo está prevista a xornada completa, a excepción das tituladas en maxisterio educación primaria e master en formación de profesorado secundaria, que terán unha dedicación de ½ xornada, e a persoa responsable de coordinación que será unha única persoa para os dous Espazos.

### 6.1 Persoa responsable da Coordinación do proxecto

- Responsable da xestión do recurso e do desenvolvemento e coordinación dos equipos de traballo conforme o criterio establecido polas entidades promotoras e os obxectivos e tarefas establecidas neste documento, cumprimento con todas as esixencias de control, avaliación e resultados previstos para o proxecto, responsable das decisións respec-



to á intervención familiar con cada familia e cada un dos nenos, nenas e adolescentes, asesoramento ante as situacións de maior complexidade

- Responsable da supervisión da evolución do traballo no espazo de preservación familiar e do acompañamento ao equipo psico-socio-educativo co fin de manter un adecuado clima laboral que redunde na mellora das funcións de cada persoa e fomento da formación continua do equipo humano do proxecto.
- Responsable de manter as reunións de coordinación cos Servicios Sociais Municipais e demais recursos e organismos implicados na boa evolución do proxecto.
- Responsable da elaboración da documentación xeral do proxecto (protocolos de funcionamento e procedementos do proxecto, memorias, informes trimestrais, incidencias, propostas de mellora) e da xestión do equipo humano (cargas de traballo, quendas, cuadrantes horarios, imprevistos, ...).
- Responsable da supervisión dos plans de preservación familiar elaborados para cada núcleo familiar polo resto de profesionais do proxecto.
- Debe ter experiencia e coñecemento actualizado en intervención familiar e intervención psico-socio-educativa con persoas en situación de vulnerabilidade social, e dispoñer de experiencia en coordinación de equipos de traballo.

## 6.2 Psicólogo/a

- Desenvolvemento das intervencións terapéuticas e de apoio psicolóxico cos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias, propias do espazo de preservación: intervención terapéutica individual, familiar e grupal.
- Realización da avaliación psico-social, familiar e individual para establecer un plan de preservación familiar interdisciplinar cos obxectivos e estratexia de intervención segundo o caso.
- Elaboración, execución e seguimento do Plan de Preservación Familiar de cada neno, nena, adolescente e familia, coa colaboración do resto de profesionais.
- Elaboración dos informes, rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Orientación e asesoramento especializado ao resto de profesionais que forman o equipo multidisciplinar dos Espazos de Preservación Familiar.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.

## 6.3 Educador/a Familiar

- Desenvolvemento das intervencións socio-educativas cos nenos, nenas, adolescentes e



as súas familias propias do espazo de preservación familiar: acompañamento e apoio educativo, orientación familiar e persoal, de xeito grupal e individual.

- Realización da avaliación socio-educativa familiar e individual para establecer un plan de preservación familiar interdisciplinar cos obxectivos e estratexia de intervención segundo o caso.
- Elaboración, execución e seguimento do Plan de Preservación Familiar de cada neno, nena, adolescente e familia, coa colaboración do resto de profesionais.
- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Colaboración na elaboración de proxectos e programas de intervención educativa específicos en función das necesidades dos nenos, nenas, adolescentes e familias.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.

#### 6.4 Persoal Técnico de integración social

- Deseño, desenvolvemento e seguimento dos procesos de inserción socio-laboral e ocupacional, busca de formación... tanto do público adolescente como das persoas adultas das familias usuarias do recurso.
- Colaboración na execución do Plan de Preservación familiar, en coordinación co resto dos profesionais que conforman o equipo multidisciplinar do Espazo de preservación familiar, realizando tarefas auxiliares, complementarias e de apoio á labor destes.
- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.

#### 6.5 Grao universitario en maxisterio de educación primaria e Grao universitario correspondente, co master universitario en formación de profesorado, para educación secundaria

- Apoio educativo e seguimento da evolución escolar dos nenos, nenas e adolescentes do espazo de preservación familiar: creación e adaptación de recursos pedagóxicos, organización e desenvolvemento do apoio educativo.
- O persoal docente con grao universitario en maxisterio de educación primaria, dedicarán a súa intervención a nenos e nenas menores de 12 anos ou que estean cursando ata 6ª de primaria. O persoal docente con grao universitario e master en formación de profesorado, intervirán con rapaces maiores de 12 anos ou que estean escolarizados en



centros de educación secundaria.

- Colaboración na execución do Plan de Preservación familiar, en coordinación co resto dos profesionais que conforman o equipo multidisciplinar do Espazo de preservación familiar, realizando tarefas auxiliares, complementarias e de apoio á labor destes.
- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da súa intervención e seguimento da mesma.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación cos axentes educativos externos onde cursen estudos os rapaces e rapazas.

## 7 RECURSOS MATERIAIS

O local destinado ao Espazo de Preservación Familiar contará con diferentes espazos que se adapten ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes, salas de estudo/ludoteca, espazos adaptados ás reunións coas familias, aos obradoiros e ás intervencións individuais e grupais. Ademais, contará con baños e unha zona destinada a despacho do equipo educativo.

Por outra banda co fin de facilitar as tarefas dos profesionais que interveñen no Espazo de preservación familiar, traballarase con bases de datos informatizadas centralizando deste xeito a documentación coa finalidade axilizar a xestión documental cumprindo coa Lei de protección de datos.

## 8 SEGUIMIENTO DA INTERVENCIÓN

### 8.1 Coordinación con servizos sociais comunitarios:

Establecemos o seguinte mecanismo de reunións con achega de documentación entre a persoa coordinadora do espazo de preservación e a responsable dos servizos sociais comunitarios do territorio onde opera o programa, para o pertinente seguimento das actuacións:

- **Mensualmente:** reunión de coordinación con achega de información de todas as familias do programa.
- **Trimestralmente:** informe trimestral de familias atendidas, e familias en activo con datos sociais e demográficos para seguimento da evolución do programa.
- **Anualmente:** achega da **Memoria da evolución do servizo** durante o mes de xaneiro posterior ao ano do que se trate, na que se realizará unha análise de proceso e de resultados da intervención ao longo do ano.
- **Puntualmente:** cando se estime necesario, coordinación presencial, telefónica ou vía correo electrónico para resolver calquera cuestión relacionada co desenvolvemento do programa, así como asesoramento técnico na atención aos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias. Tamén se pode contemplar o acompañamento ás traballadoras so-



ciais a entrevistas de cara a valorar calquera tipo de cuestión relacionada coa atención a familias con nenos, nenas e adolescentes, aínda que estas non se atopen de alta no programa.

## 8.2 Coordinación con SPM

O obxectivo xeral deste programa é evitar na medida do posible a entrada de nenos e nenas no sistema de protección actuando a nivel preventivo cando os servizos comunitarios detecten un risco baixo ou moderado. Debemos manter un canal fluído de información que permita ao SPM coñecer a evolución do programa:

- **Trimestralmente:** informe trimestral de familias atendidas, e familias en activo con datos sociais e demográficos para seguimento da evolución do programa.
- **Anualmente:** achega da **Memoria da evolución do servizo** durante o mes de xaneiro posterior ao ano do que se trate, na que se realizará unha análise de proceso e de resultados da intervención ao longo do ano.

## 9 AVALIACIÓN DO PROGRAMA

OBXECTIVOS	INDICADORES	RESULTADOS ESPERADOS
1. Atendidos o 100% das familias derivadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de familias derivadas (homes e mulleres)</li> <li>• N° de familias atendidas (Homes e mulleres)</li> </ul>	40 familias atendidas cada ano por centro
2. Atendidos o 100% dos nenos, nenas e adolescentes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de nenos, nenas e adolescentes derivados.</li> <li>• N° de nenos, nenas e adolescentes derivados atendidos</li> </ul>	Nenos, nenas e adolescentes atendidos cada ano por centro
3. Evitar a apertura de expediente no sistema de protección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de casos atendidos nos que se abre expediente no sistema de protección.</li> </ul>	< 10% dos casos atendidos precisan que se abra expediente en protección.
4. Incrementar a competencia e funcionalidade familiar	<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de familias que melloran a puntuación nos cuestionarios finais de valoración</li> </ul>	80% das familias incrementan a competencia familiar





5. Mellorar a integración e a relación do sistema familiar co contexto comunitario	<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de familias que melloran a adherencia a intervención dos servizos comunitarios.</li> <li>• % de familias que aumentan a súa rede</li> </ul>	<p>90% das familias melloran a adherencia.</p> <p>80% das familias identifican melloras na súa rede.</p>
6. Dotar as familias de estratexias para potenciar a vinculación afectiva.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de talleres familiares impartidos.</li> <li>• % de familias que acoden aos talleres.</li> <li>• % de familias que recoñecen mellorías na vinculación.</li> </ul>	<p>5 talleres grupais impartidos por centro</p> <p>70% de familias que participan nos talleres</p> <p>80% de familias que recoñecen mellorías no vínculo.</p>
7. Atender ás necesidades específicas dos nenos e nenas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de talleres impartidos cos nenos, nenas e adolescentes.</li> <li>• % de nenos e nenas que acoden aos talleres.</li> </ul>	<p>Polo menos 2 talleres realizados por grupo de idade.</p> <p>90% dos nenos e nenas derivados, acoden aos talleres.</p>
8. Garantir a satisfacción das necesidades básicas dos nenos, nenas ou adolescentes no entorno familiar	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de avaliacións familiares realizadas.</li> <li>• Nº de nenos e nenas coas necesidades básicas cubertas ao final da intervención.</li> </ul>	<p>100% das familias avaliadas.</p> <p>100% dos nenos e nenas coas necesidades básicas cubertas ao final da intervención.</p>

Ao longo da intervención nos Espazos de preservación familiar ademais, recadarase de forma sistemática una serie de datos avaliativos, tanto das familias como dos nenos e nenas atendidos/as, como dos recursos utilizados e das actividades levadas co fin de ir mellorando e adaptando o servizo ás novas necesidades que vaian xurdindo na sociedade.

#### INDICADORES A RECOLLER

Número de demandas derivadas polos Servizos Sociais Municipais.

Número de demandas atendidas.

Número de demandas non atendidas e motivos.



Número de familias, nenos, nenas e adolescentes dados de alta e de baixa ao longo do ano.
Idade das persoas adultas e dos nenos, nenas e adolescentes atendidos. (idade, nivel educativo, situación laboral...)
Tipoloxía de risco ou desprotección máis salientable ao comezo da intervención.
Número de familias atendidas polo persoal de psicoloxía.
Duración media da intervención psicolóxica e principais obxectivos a traballar
Número de familias atendidas polo persoal educativo.
Duración media da intervención co persoal educativo.
Nº de Baixas con derivacións ao sistema de protección do menor.
Nº de Baixas cos obxectivos acadados.
Nº de Baixas derivadas a outro recurso.

Elaborarase unha análise de perfil das familias atendidas, que recollerá, entre outros: estrutura familiar, idades das persoas proxenitoras e dos nenos e nenas, nº de fillos e fillas, tipoloxía de familias, problemática, nivel de estudos, nivel formativo, nivel de ingresos, situación laboral, situación de vivenda, ocupación, etc.





### ANEXO III

#### *Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*

Don/Dona....., DNI....., como presidente/a da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en .....

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do programa “Espazos de preservación familiar” no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social”, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- iii. unha lista de medidas para a execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo





estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....





ANEXO IV

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona ....., con DNI ....., como presidente/a da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en .....

na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do programa “Espazos de preservación familiar”, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído non Compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social”, manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....

